FOLLATOS

Boletín Informativo da Biblioteca do CEIP Filomena Dato
A Valenzá. . PRIMAVERA 2011. Nº 10
http://centros.edu.xunta.es/ceipfilomenadato/

SEMANA DA PRENSA

8-12 MARZO

ANTONIO RIVAS DELGADO "Chito"

-18|marzo|2011-

Con motivo da celebración da "Semana da Prensa", visita o noso centro o escritor Antonio Rivas Delgado,colaborador habitual do periódico "La Región. Como el mesmo escribe esta é a súa historia:

"Empecei a escribir de cativo e como, creo, empezamos todos, é dicir, a base de poesías. Xa no colexio de Os Milagros intentara escribir unha novela do Oeste. Cos relatos empecei cando xa estaba en Madrid, a partir de 1982.

Fun corresponsal de Baños de Molgas en "La Región" tan axiña como saín do colexio, en 1978 e estiven ata finais de 1979, que tiven que marchar á mili. Logo, en 1981, volvín pillar a corresponsalía ata o marzo de 1982, que foi cando larguei definitivamente para Madrid a traballar.

En Madrid botei 9 anos traballando na Administración, ata que me trasladei a Baños de Molgas, para a Cámara Agraria Comarcal. Ao desaparecer esta, acopláronme á Extensión Agraria de Maceda, que é onde sigo.

Fóra da corresponsalía, volvín contactar con La Región a base de mandarlle cartas e máis cartas á sección de Cartas ao Director.

Das cartas pasei aos relatos que seguiron a publicarme nesa Sección. Ata que, pouco a pouco, os trasladaron á sección de Opinión.

Adoito escribir os relatos (ao ser tan curtos) nas servilletas de papel das cafetarías e, ultimamente, nunha libreta que traio comigo, porque estou a escribir un libro autobiográfico."

Os nenos e nenas de 5º e 6º curso entrevistan a “Chito” para saber máis sobre o mundo da prensa e os escritores:

ROSCO DE PREGUNTAS

¿Cales foron os seus comezos como escritor?
Comecei cunha novela do oeste cando tiña 13 anos

Chito coa exposición sobre a prensa á entrada do colexio

¿Cando lías?
Aproveitaba cando ía coas vacas ao monte e levaba libros con moita letra para estar o máximo tempo, pero calquera momento era bó para ler

¿Cando empezaches a escribir poesía?
Cando era neno e empezábanme a gustar as nenas. Entón escribíalle cousas bonitas

Antonio contesta ás preguntas

¿Que poesías che gustan máis?
As de amor e de protesta

¿En que escribes os teus escritos?
Adoito escribir en servilletas de papel cando vou ás cafeterías

¿Que cousas che inspiran para escribir?
Todo o que pasa ao meu arredor: os meus fillos, a natureza, os problemas cotiás,…

¿Escribiches algún libro?
Teño varios libros escritos pero ningún publicado. Agora mandei un a un concurso e a ver que pasa…

¿Por que escribes en sitios tan diversos: nas cafeterías, no parque, no Pavillón Paco Paz?
Porque teño que levar aos meus fillos a xogar e nos momentos de espera aproveito para escribir. O sitio máis raro onde escribín foi na misa

O alumnado segue con moita atención os consellos de Antonio de como ser un bo escritor

¿Que fai falla para ser un bo escritor?
Dúas cousas moi importantes: ler moito e escribir un pouco todos os días

¿Cmo titularías esta charla?
"O periódico, o libro dos contos", xa que son moitas as historias que podemos ler na prensa

Os nenos e nenas quedan asombrados cando Antonio lles explica como facía para ler a escondidas na clase sin ser visto polas mestras

Asinando no libro de visitas

Antonio foi agasallado cun caderno para non ter que empregar "servilletas de papel"

A directora entrega ao noso convidado un afiador en nome de todo o centro como agradecemetno pola súa visita

O luns, 21 de marzo, no blogue de Antonio **O RECUNCHO DE BARRICOBOS**, apareceu publicado esto:

PERCORRIDO DE AMIZADE

Co anterior relato acabo de iniciar un percorrido de amizade con todo o relacionado co colexio Filomena Dato da Valenzá. Un percorrido no que analizarei a miña vida, no que inventarei escritos e situacións que nin eu mesmo entenderei, no que descargarei sentimentos e pensamentos, nos que intentarei estar en continuo contacto coas nenas, nenos, profesores e demais persoal do colexio Filomena Dato. En honor a eles e grazas a eles, todo o que escriba a partir de xa!, fareino neste caderno que xa forma parte da miña vida e con este bolígrafo que será a miña nova ferramenta de traballo.
Todo o que escriba neste caderno, colgareino no meu blog ou bitácora O RECANTO DE BARRICOBOS porque sei que algúns alumnos e profesores do citado colexio me len. Aínda non sei se isto vai ser algo semellante a un diario ou se vai ir a base de relatos. Uns escritos mandareinos ao periódico La Región e todos, repito, irán ao blog. E moitos traducireinos ao castelán para colgalos tamén no facebook.

Cafetaría Oren Express da Valenzá. Venres, 18 de marzo de 2011

FILOMENA DATO E O PERIODISMO

Tamén a nosa escritora Filomena Dato Muruais traballou como periodista, non sabemos si escribía en servilletas de papel ou en cafeterías coma Antonio Rivas (os tempos eran outros) pero sí foi unha muller moi comprometida cos problemas da súa época e particularmente coa "defensa das mulleres". Estaría orgullosa de que o 8 de marzo se conmemore o **"Día Internacional da muller traballadora"**

Escribiu en **"El Heraldo Gallego"** xornal galego que apareceu en 1874 en Ourense, fundado por Valentín Lamas Carbajal.

Tamén colaborou en **"Eco de Galicia"** cun artigo titulado *"Non dubides"*.

Ano 1900

En **"El Ideal Gallego"** publicou *"Plegaria"*, en 1926. Compara estes dous exemplares do mesmo periódico pero con máis de 100 anos de diferencia!!!!!!!

Ano 2011

O Tio Marcos d´a Portela, foi unha publicación semanal aparecida por vez primeira en 1876, sendo daquela editada en Ourense por Valentín Lamas Carvajal. Foi a primeira publicación periódica monolingüe en lingua galega, cunha tirada de catro mil exemplares. Filomena escribiu *"Ó gallego máis gallego. Valentín Lamas"*, en 1918, no que fala da importancia de Galicia.

Vida Gallega foi unha revista mensual gráfica que fundou Jaime Solá Mestre en Vigo. O primeiro número saíu en xaneiro de 1909 con portada de Castelao e o último en 1938, publicándose un total de 697 números. Filomena escribiu *"Noite crara"* e *"A nai d´o soldado"*

E si queres coñecer o que pasa no mundo a través da prensa: **www://kiosko.net/es/**

MIL PRIMAVERAS MÁIS PARA A CULTURA GALEGA